



CCOO INFORMA

IV PLAN RESCATE DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS, PROFESIONAIS E EMPRESAS PARTICULARMENTE AFECTADAS POLA CRISE DA COVID-19

Cal é o obxecto da axuda?

Son axudas directas para satisfacer a débeda e realizar pagamentos a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, así como a compensar os custos fixos en que se incorreu, sempre e cando estes se xeraren entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procedan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021.

Primeiro satisfaranse os pagamentos a provedores e outros acredores non financeiros, por orde de antigüidade; en segundo lugar, reducirase a débeda con acredores financeiros, primando a redución da débeda con aval público e, por último, poderá destinarse o remanente da axuda a compensar os custos fixos en que se incorreu, que inclúen as perdas contables propias da actividade empresarial e que non fosen cubertas por estas ou outras axudas.

Quen pode solicitar a axuda?

- Todas as persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no réxime de traballadores do mar como persoas traballadoras por conta propia, e profesionais (de ser o caso, mutualistas) en réxime de estimación obxectiva, con domicilio fiscal en Galicia e que exerzan unha actividade económica.
- Todas as persoas traballadoras autónomas de alta no RETA ou no réxime de traballadores do mar como persoas traballadoras por conta propia, os profesionais e empresas, con domicilio fiscal en Galicia, que exerzan unha actividade económica e que teñan unha caída do volume de operacións anual declarado ou comprobado pola Administración, no imposto sobre o valor engadido ou tributo indirecto equivalente, de máis dun 30 % no ano 2020 respecto do ano 2019.
- Así mesmo, poderán ser beneficiarias as persoas traballadoras autónomas de tempada, sempre que acrediten que continúan coa súa actividade, aínda que non estean de alta no momento de presentación da solicitude e estean de alta un mínimo de 4 meses e un máximo de 9 meses nalgún dos anos 2019 ou 2020.

Para os efectos desta orde, ás persoas traballadoras autónomas que estean de alta durante un período superior a 9 meses aplicaráselles o réxime xeral e non o de tempada.

- Poderán ser beneficiarias as persoas traballadoras autónomas e empresas dadas de alta ou creadas entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de marzo de 2020 e empresas que realizaran unha modificación estrutural da sociedade mercantil entre o 1 de xaneiro de 2019 e o 31 de decembro de 2020.

Requisitos

- Ter o domicilio fiscal en Galicia.
- Ter realizado durante 2019 e 2020 algunha actividade económica non financeira e continuar no seu exercicio no momento da solicitude.
- Ter cantidades pendentes de pagamento a provedores e outros acredores, financeiros e non financeiros, ou ter incorrido en custos fixos, sempre que estes se xerases entre o 1 de marzo de 2020 e o 30 de setembro de 2021 e procedan de contratos anteriores ao 13 de marzo de 2021. Inclúense, nos custos fixos incorridos, as perdas contables propias da actividade empresarial que non fosen xa cubertas por estas ou outras axudas.
- Non ter sido condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- Non ter dado lugar, por causa de que fose declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato formalizado coa Administración.
- Atoparse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvención ou axudas públicas e das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Non ter solicitado declaración de concurso voluntario, non ter sido declarado insolvente e non se atopar en declaración de concurso, salvo que neste adquirise eficacia un convenio; non estar suxeito a intervención xudicial ou ter sido inhabilitado conforme á lei concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- Non ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- Autorizar a Consellería de Emprego e Igualdade a cesión dos seus datos ao Ministerio de Facenda.

Contía das axudas

- Para a determinación dos importes máximos recollidos nesta convocatoria, teranse en conta os importes das axudas xa concedidas ao abeiro do III Plan Rescate da Xunta de Galicia.
- No caso de persoas empresarias ou profesionais que apliquen no réxime de estimación obxectiva no imposto da renda das persoas físicas no ano 2019 e/ou no ano 2020, a axuda concederáse por un importe máximo de 3000 euros.

Os gastos subvencionables deberán ser de importe igual ou superior á axuda solicitada, de tal xeito que o importe da axuda nunca poderá ser superior aos ditos gastos subvencionables.

- No caso das restantes persoas traballadoras autónomas, empresarias ou profesionais e empresas, e de conformidade co establecido no artigo 3.2 do Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, modificado polo Real decreto lei 6/2021, a axuda máxima total concedida non poderá superar ningún dos seguintes importes:

Primeiro: 200 000 euros.

Segundo: o 40 % da caída do volume de operacións, no ano 2020 respecto do 2019, que supere o 30 % no caso de empresarios ou profesionais en réxime de estimación directa e entidades/establecementos permanentes cun máximo de 10 empregados.

Terceiro: o 20 % da caída do volume de operacións, no ano 2020 respecto do 2019, que supere o 30 % no caso de entidades, empresarios ou profesionais e establecementos permanentes con máis de 10 empregados.

No obstante o establecido nos apartados segundo e terceiro anteriores, a axuda mínima será de 4000 €.

Cuarto: o importe dos gastos subvencionados.

Para as persoas autónomas de tempada, os importes da axuda serán o 50 %

Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes comeza o 29 de outubro e remata o 29 de novembro, inclusive.

Presentación de solicitudes

- Obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.gal>
- A solicitude vai acompañada dunha declaración responsable de obrigatorio cumprimento.
- O prazo máximo para que se resolva e notifique é o 31 de decembro.

Principais obrigas das persoas beneficiarias

- Estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas.
- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección das distintas Administracións.
- Cumprir os requisitos.
- Manter a actividade ata o 30 de xuño de 2022 e non repartir dividendos nin aprobar incrementos nas retribucións da alta dirección durante dous anos.

Máis información

- DOG núm. 208, xoves 28 de outubro de 2021:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20211028/AnuncioG0599-201021-0001_gl.html
- Sede electrónica: código de procedemento TR700A.
- Estas axudas serán incompatibles entre si pero compatibles coas doutras Administracións, sempre que o total non supere o 100 % do gasto subvencionado.
- Pagarase o 100 % da axuda concedida nun só prazo cando se cumpran todos os requisitos.

**Secretaría de Emprego, Política Social e Políticas Públicas
Sindicato Nacional de CCOO de Galicia**